

MEMORIA DE TRANSPARENCIA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL e IGUALDADE E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DE DETERMINADAS ACCIÓNS DIRIXIDAS A POBOACIÓN XITANA DURANTE O EXERCICIO 2024 NO MARCO DO PROGRAMA DO PLAN DE DESENVOLVEMENTO GITANO DO MINISTERIO DE DERECHOS SOCIALES Y AGENDA 2030

Arturo Parrado Puente, director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social

DECLARA:

Que esta Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Fundación Secretariado Gitano o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue a data da asinatura ata o 31 de decembro do 2024, se ven os gastos das actuacións subvencionables incluírán desde o 1 de xaneiro de 2024

Que o instrumento convencional ten por obxecto a realización por parte da Fundación Secretariado Gitano no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia dun proxecto de intervención social dirixido a poboación xitana para mellorar a situación súa situación de exclusión residencial e seu acceso a vivenda. O Proxecto desenvólvese no marco do Programa Plan de Desenvolvemento Gitano que o Ministerio de Derechos Sociais e Agenda 2030 cofinancia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan en que a Consellería de Política Social é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de benestar e inclusión social e consecuentemente a atención das minorías étnicas, conforme ao Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e se establecen as competencias específicas da Dirección Xeral de Inclusión Social.

A Fundación Secretariado Gitano dispón dunha importante solvencia técnica avalada por unha traxectoria de décadas no traballo coa poboación xitana en Galicia. Conta, ademais, cunha implantación de ámbito autonómico, con sedes nas sete cidades galegas de maior



tamaño e unha estrutura de persoal e recursos acorde a iso. Por outra banda, cabe destacar que, desenvolve programas de intervención directa con persoas -a miúdo en rede e colaboración coas distintas Administracións públicas e ten realizado investigacións e estudos de interese sobre a situación da poboación xitana. Conta, polo tanto, cun coñecemento rigoroso e actualizado da realidade desta comunidade. Non existe outra entidade nesta comunidade autónoma que traballe cu colectivo xitano prestándolle a atención profesional que esixe nun ámbito territorial tan extenso por iso a Consellería de Política Social e Igualdade considera que a colaboración no mantemento destes servizos cumpre, indubidablemente, unha función de interese social e humanitario en consonancia co establecido pola Lei de Subvencións de Galicia e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de desenvolvemento da anterior.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O director xeral de Inclusión Social

